

ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO (APRG) PARA CONTINUAR COA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DESTINADAS Á POSTA EN VALOR DAS APTITUDES DO CABALO PRG EN ACTIVIDADES DEPORTIVAS, DE EXPOSICIÓN E OCIO, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014_2020.

Data da sinatura, 04/08/2020

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Don _____, conselleiro do Medio Rural, nomeado polo Decreto 99/2018, do 26 de setembro, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

_____, con NIF _____, actuando en nome e representación de APRG, na súa condición de Presidente.

Cada un intervéñen en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar a presente Addenda ao Convenio suscrito entre ambas partes con data 03/01/2020.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o 03/01/2020 asinouse o Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación Pura Raza Cabalo Galego (APRG) para continuar coa execución das actuacións destinadas á posta en valor das aptitudes do Cabalo PRG en actividades deportivas, de exposición e ocio, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do PDR Galicia 2014_2020. O convenio foi suscrito no marco da medida 10.21 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020.

Segundo.- O impacto sen precedentes ocasionado pola pandemia do COVID-19, tanto dende a perspectiva sanitaria como socioeconómica, no contexto nacional e internacional, esixe a toma

de medidas adecuadas polos distintos niveis das administracións e poderes públicos para facer fronte aos seus perturbadores efectos.

Deste xeito, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola citada pandemia.

Por outro lado, dende a perspectiva das medidas económicas, a Consellería do Medio Rural, dada a especial sensibilidade do sector agrario a esas alteracións, e baixo a premisa da máxima eficacia e eficiencia na súa actuación, ven adoptando diversas medidas a fin de dotar de liquidez ao sector.

Terceiro.- O Consello da Xunta de Galicia do 24 de abril aprobou o Acordo do 3 de abril de 2020, sobre a continuación da tramitación de determinados expedientes e procedementos en materia de subvencións, no eido da Administración xeral e das entidades do sector público autonómico. No seu apartado 7 establece: “Deste modo, ademais da posible ampliación dos prazos aludida anteriormente, os órganos concedentes poderán de forma motivada, de acordo cos principios de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados na subvención e de eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos, e de acordo cos principios de obxectividade, igualdade e non discriminación entre as persoas beneficiarias, autorizar a modificación das condicións de concesión das subvencións outorgadas cando a execución das actividades ou prestación dos servizos obxecto de subvención, na forma na que estaban previstos, debeñan total ou parcialmente imposibles como consecuencia do COVID-19 ou das medidas adoptadas polas Administracións Públicas para combatelo, na parte cuxa execución se volva imposible, desde que se producise a situación de feito que impide a súa execución ou prestación e ata que a dita execución ou prestación poida reanudarse.”

Cuarto.- A cláusula segunda, obrigas de APRG, do convenio asinado establece a obriga de: ‘Garantir a presenza anualmente do Cabalo de Pura Raza Galega na Feira Internacional Semana Verde de Galicia por tratarse do principal escaparate do sector a nivel autonómico...’

Quinto.- Posteriormente na cláusula décimo sétima, vixencia do convenio e financiamento, asigna para a participación no evento indicado no expoñendo cuarto unha cantidade de 3.000 €: ‘Asínase para o período 2020-2022, coa seguinte dotación máxima para cada unha das anualidades do convenio:

- 63.000 € para o ano 2020, dos que 3.000 € estarán destinados á participación no evento Feira Internacional Semana Verde de Galicia.’

Sexto.- No seu comunicado do 15 de abril de 2020 a Fundación Semana Verde de Galicia anunciou a súa decisión de adiar os eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT ata o 2021, polo que resulta imposible, por causas de forza maior, cumprir no 2020 coa obriga recollida no convenio.

Por todo o anterior, as partes acordan asinar a presente addenda ao convenio descrito no expoñendo primeiro conforme ás seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.

Modifícase a *Cláusula Décimo Sétima. Vixencia do convenio e financiamento*, quedando redactada como segue:

O presente convenio, que producirá efectos dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro do 2022, asínase para o período 2020-2022, coa seguinte dotación máxima para cada unha das anualidades do convenio:

- 63.000 € para o ano 2020.
- 63.000 € para o ano 2021, dos que 3.000 € estarán destinados á participación no evento Feira Internacional Semana Verde de Galicia.
- 63.000 € para o ano 2022, dos que 3.000 € estarán destinados á participación no evento Feira Internacional Semana Verde de Galicia.

Os pagos efectuaranse con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.713C.781.1 do código proxecto 2016 00191.

O convenio está cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) cunha porcentaxe de financiamento do 75%, o 7,5% correspondería ao Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación e o 17,50% restante á Xunta de Galicia.

SEGUNDA.

Modifícase o *ANEXO II. Cadro de previsión de actuacións e custos anuais*, quedando redactado como segue:

Os importes por concepto e tipo de gasto reflectidos nos cadros corresponden a cálculos estimados durante cada un dos tres anos de vixencia do convenio, que poderán ser obxecto de variacións no momento da xustificación das actuacións, en función das actividades desenvolvidas e os obxectivos acadados.

No ano 2020 o importe previsto para 'PROMOCIÓN NA SEMANA VERDE DE GALICIA' será destinado a outras actividades de promoción das previstas no convenio.

ANO 2020

CONCEPTO	ACTUACIÓNS	IMPORTE
PERSOAL	Persoal propio da entidade asignado á realización de traballos do convenio.	42.000,00 €
ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN	Actuacións de promoción das razas e dos produtos derivados das mesmas. - Material non inventariable - Material inventariable - Programas informáticos e webs - Actividades de divulgación - Gastos varios	21.000,00 €
TOTAL		63.000,00 €

ANOS 2021-2022

CONCEPTO	ACTUACIÓNS	IMPORTE
PERSOAL	Persoal propio da entidade asignado á realización de traballos do convenio.	42.000,00 €
ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN	Actuacións de promoción das razas e dos produtos derivados das mesmas. - Material non inventariable - Material inventariable - Programas informáticos e webs - Actividades de divulgación - Gastos varios	18.000,00 €



PROMOCIÓN NA SEMANA VERDE DE GALICIA	Actuacións de promoción na Feira Internacional Semana Verde de Galicia	3.000,00 €
TOTAL		63.000,00 €

E, en proba de conformidade, as partes asinan dixitalmente esta addenda.

